

O meu Fiz, o meu Félix

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2003]). “O meu Fiz, o meu Félix”. En Luís Celeiro Álvarez, *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*. A Coruña: Fundación Caixagalicia, 11-15. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/487>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2003). “O meu Fiz, o meu Félix”. En Luís Celeiro Álvarez, *Fiz Vergara Vilariño, poeta nos eidos da bremanza*. A Coruña: Fundación Caixagalicia, 11-15.

* Edición dispoñíbel desde o 18 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O MEU FIZ, O MEU FÉLIX

Xesús Alonso Montero

Hai trinta e tres anos o Félix era alumno meu de Literatura no Instituto masculino de Lugo (hoxe denominado «Lucus Augusti»). Teño na memoria mil e unha peripecias daquelas datas. Proporcioneille lecturas no instituto e tamén na miña casa, onde, en varias ocasións, visitou e examinou a miña biblioteca, que –confesábame– o estimulaba moito.

Eu souben desde o principio que o Félix tiña dotes de poeta, pero, desde o principio, fixenlle saber que as musas favorecen ós que traballan, ós que len, ós que corríxen e ós que son capaces de queima-lo que se pode mellorar. O Félix, xa daquela, estaba fortemente condicionado por unha dura e progresiva doenza que case lle impedía falar. Camiñaba con moita dificultade e escribía, fatigosamente, con letra pouco lexible. O peor, para el e para todos nós, era o falar: só os moi iniciados deducían ou interpretaban algo.

O Félix, que tiña dotes para a poesía, fixo literatura, tamén, como unha defensa contra as ofensas da vida. Nun principio, os achegados, conscientes do seu drama, en ocasións presente nos seus versos, aplaudiron, sen reservas, as súas páxinas. Algúns, porque eramos sabedores do seu talento literario, optamos por aplaudir e, nalgún caso, matizar. Esta actitude nosa foi ben entendida polo Félix, convencido, cada vez máis, de que o escritor ten que ser esixente por moita [12] que sexa a simpatía que suscite a persoa. Por iso eu, desde o principio, expúxenlle con claridade o meu punto de vista: que as musas gustan dos escritores que len e traballan a fondo os textos.

En xaneiro de 1971 escribín un breve prólogo para o seu primeiro poemario, *Pra vós*, publicado pola Editorial Celta de Lugo. Finalizaba o limiar con estas liñas: «Cómpre saudar con ledicia a voz deste rapaz –tiña 18 anos-, esta nova voz, e quedar agardando froitos máis traballados e máis cheos. Agardámoslos con cobiza e con razón».

Cun certo tacto recomendáballe ó poeta máis aplicación no traballo. Polo demais, non me equivoquei na *profecía*, na «razón» desde a que agardaba froitos máis cheos. En efecto, o futuro –hoxe xa pretérito– veume da-la «razón» e aí están algunhas páxinas súas, ben construídas e cheas de alento poético, sobre todo en *Orfo de ti en terra dentro* (1976), *Poeta muiñeiro á deriva* (1982), *Nos eidos da bremanza* (1990), *Pastora de sorrisos* (1993) e *Animal sen fel* (1998). Estará moi claro para os lectores esixentes cando se faga unha antoloxía rigorosa destes libros.

O segundo poemario de Félix, *Encontro cos tiburós*, publicoulo Manuel María, grande amigo e valedor seu, na súa colección «Val de Lemos», xa en 1973. Está dedicado á miña primeira muller e a min nestes termos: «Pra Emilia e Xesús Alonso Montero, mestres i amigos sempre. Homaxe de admiración e cariño».

O terceiro poemario, *Orfo de ti en terra adentro*, de 1976, publicouse en Akal Editor (Madrid) na colección Arealonguiña, que eu dirixía. Meu é o texto da contracuberta no que subliño que no autor hai «páxinas de poeta maduro».

Xa na época de alumno meu o Félix foi para min un mestre de lingua galega. Un dos artigos que escribín sobre un dos seus libros redacteino en galego louzariño, o *dialecto* natal do noso escritor, dialecto que con tanta eficacia incorporou á lingua literaria dos poetas galegos. Cando, en 1990, epiloguei *Nos eidos da bremanza*, [13] finalizaba o meu epílogo cunhas liñas escritas, en parte, en louzariño: «Sexa ou non a *bremanza* a túa musa futura, os teus amigos, a túa patria e a patria sen fronteiras da poesía esperan de ti (do teu *arxilo*, a túa *fincuraxe* e do teu talento, sempre a medrar) novas empresas da túa voz. Para un home e un poeta coma ti non existen *baligotas* nin *caliangros* decisivos. En calquera caso, sen os teus versos a nosa paisaxe cultural sería unha paisaxe mancada e *xabreira por todel»*.

Desde Lugo, primeiro, e logo desde Vigo, teño ido varias veces á casa familiar de Manuel Vergara e Irene Vilariño, pais do noso escritor. Está nas fondas terras de Samos, en Santalla de Lóuzara, a carón dun muíño que o noso poeta inmortalizou nun libro. Co Félix viaxei a Guimarães en novembro de 1973, onde recolleu un dos premios de poesía convocados pola sociedade Convívio. Eu era membro daquel xurado. En dúas ocasións fun a Sarria –onde era e é tan querido- pra presentar senllos libros seus. Fíxeno tamén noutros lugares.

Era Félix alumno no Instituto de Lugo –creo que de Preuniversitario– cando, instado e presentado por min, foi a Ourense para que un vello amigo meu, o doutor Santiago Lamas, asesorado por outros médicos, dictaminase sobre as posibilidades de curación daquela doenza que cada día o magoaba e limitaba máis. Os prognósticos foron desalentadores, o que confirmaría a realidade pouco tempo despois. Pero o Félix en Ourense pasou unha tempada interesante para a súa vida. Coñeceu ó poeta Antonio Tovar, co que intimou e sobre o que escribiu un excelente ensaio titulado *O can na poesía de Tovar*; tratou ó doutor Manuel Peña-Rey, ó pintor Conde Corbal e a un grupo de mozos que o acompañaron e leron, apreciándoos, os seus versos.

Axiña a súa vida foi un verdadeiro calvario, que moi poucas veces mitigaban os amigos e os compañeiros, incapaces de entende-lo seu falar. El oía, agradecía e desesperábase, tanto que, ás veces, o seu rostro aparecía deformado pola carraxe infinita que lle producía a súa impotencia irreversible.

[14] Sempre me admirou, sen embargo, a índole de home bo, de persoa bondadosa que o caracterizaba. Ninguén viu no Félix un home resentido, un espírito hostil coas persoas que gozaban do ben da saúde, un ben no que a comunicación oral é unha das manifestacións supremas. Nunca foi negativo con ninguén, nin sequera coas mozas que amou, ás veces tolamente, porque algunhas, no seu afán de seren delicadas con el, fixéronlle abrigar estrañas esperanzas. Outro drama do Félix, o da súa relación amorosa coas mulleres que lle escribían, que lían os seus versos ou que gababan a súa obra en termos que el non sempre interpretou axeitadamente. Por iso foi, nalgunhas excelsas páxinas, un gran poeta do amor: dos amores soñados.

Novo aínda, alá polos vintedous anos, a idea do suicidio roldouno, idea que non sei se o visitou anos despois, xa maior. Creo que non. Un día, na biblioteca do Instituto de Lugo, nunha hora en que sabía que só estaba eu, veu á miña procura para comunicarmo. Fíxoo sen eufemismos con aquel seu falar pouco comprensible pero que eu entendía no esencial. Despois duns intres de silencio, que o Félix non interpretou mal, iniciéi un monólogo, non moi breve, en favor da vida. «É inútil», escribiu nun papel, cunha letra que non era indes-

cifrable. Outros segundos de silencio e, cando me dispuña a reedita-lo monólogo, veu na miña axuda, na nosa axuda, alguén que era un vello amigo dos dous, amigo e mestre: don Antonio Machado. Foi o momento no que lle recitei un fragmento dunha carta de don Antonio a Juan Ramón Jiménez, carta, escrita en 1912, que eu sabía (e sei) de memoria e que algunha vez lera e comentara nas nosas clases de Literatura. Escribiuna don Antonio pouco despois da morte, ós dezaioito anos, de Leonor Izquierdo, a súa esposa, pero no momento en que lle chegaban noticias da boa acollida, entre lectores e críticos, que suscitaba o seu libro recién editado *Campos de Castilla*. Nas liñas finais don Antonio Machado faille, a Juan Ramón, esta confidencia: «Cuando perdí a mi mujer, pensé pegarme un tiro. El éxito de mi libro me salvó, y no por vanidad ¡bien lo sabe Dios!, sino porque pensé que, si había en mí unha fuerza útil, no tenía derecho a aniquilarla».

* * *

[15] Desde 1976, en que me trasladei de Lugo a Vigo, a miña relación persoal co Félix foi menor; non así a literaria: recensións dos seus libros, conferencias, participacións en homenaxes... Como home de Letras e como profesor de Literatura, hai moi poucas actividades das que eu me sinta máis satisfeito. Orgulloso estou do labor desempeñado, desde 1970, ó servizo da obra (e da persoa) de Félix Vergara Vilariño, o noso querido Félix (como lle chamamos nos primeiros anos e que é o nome no que eu me recoñezo cando falo del e de min). Unha persoa das características do Félix (e da súa procedencia territorial e social) necesitaba de certos valedores para que se lle fixera xustiza pública á súa obra de poeta. Tívoos, afervoados, sobre todo en Lugo: Manuel María, Alfredo Conde, Darío Xohán Cabana, Antón Grande, Xosé de Cora, Paco Martín, Claudio Rodríguez Fer, Antonio Tovar...

De todo isto fálase, polo miúdo, neste libro de Lois Celeiro, un libro escrito por quen é un devoto da persoa e da obra de Félix Vergara Vilariño. Levado desta devoción tratou de conseguir, e conseguiu, canto papel inédito deixara o noso escritor, ademais de textos éditos só coñecidos por moi poucas persoas. Moi ben relacionado Lois Celeiro coa familia do poeta e co seu universo vital, o libro é rico en noticias e datos que fan deste traballo unha peza coa que terán que contar, á forza, os estudiosos do futuro. Despois desta apaixonada visión de conxunto terían que vir estudos e artigos que definan con precisión o papel do noso escritor —e dos seus principais libros— no discurso poético galego das tres últimas décadas. Eses estudiosos sempre atoparán nas páxinas do presente libros unha axuda moi valiosa.